



Teaching Guide				
Identifying Data				2023/24
Subject (*)	Lingüística Xeral	Code	613G02004	
Study programme	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	First	Basic training	6
Language	SpanishGalicianEnglish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Fernández Ferreiro, Manuel	E-mail	manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Lecturers	Alonso Ramos, Margarita Alvarez Caccamo, Celso Maria Fernández Ferreiro, Manuel	E-mail	margarita.alonso@udc.es celso.alvarez.caccamo@udc.es manuel.fernandez.ferreiro@udc.es	
Web				
General description	<p>Bases teóricas e metodolóxicas para o estudo e investigación da linguaxe e as linguas, e as súas aplicacións. Esta materia proporciona os coñecementos e destrezas básicos para o seguimento de calquera outra materia de corte lingüístico, e é a única de todo o plan de estudos que ofrece un panorama global das diferentes formas de estudar e entender a linguaxe, e das distintas aplicacións deses coñecementos. Polo tanto, fornece ao estudante con habilidades básicas para o desenvolvemento de actividades profesionais relacionadas coa linguaxe e, en xeral, coa comunicación.</p>			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A29	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Adquirir e organizar novos coñecementos (integrándoos nos xa posuídos) sobre o funcionamento da linguaxe e das linguas, tanto no que atingue á súa estrutura interna como nas súas dimensións cognitiva, social, aplicada, ...	A3 A11 A14 A15 A29	B1 B3 B5 B7	C6 C7 C8
Interpretar os textos científicos e divulgativos da lingüística, e relacionar os diferentes contidos tratados. Adquirir novo coñecemento a partir da súa lectura, integrándoo de maneira crítica.	A1 A2 A3 A29	B3 B7	C6
Buscar e seleccionar información sobre a linguaxe e as linguas.	A3	B1 B3 B5 B7	C6
Utilizar diferentes metodoloxías e técnicas habituais no estudo da linguaxe.	A1 A3 A11 A15	B5	C3 C6 C8
Analizar a estrutura das linguas nos seus diferentes niveis.	A1 A15	B2 B6 B7	C3
Analizar a linguaxe nas súas dimensións cognitiva, social, psicolóxica, ...	A1 A3 A11	B2 B3 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Sintetizar, relacionar e elaborar xeneralizacións a partir dos datos dispoñibles, de forma selectiva, para a resolución de problemas lingüísticos.	A1 A3	B2 B5 B7 B9	C3 C6 C8
Organizar e expor contidos relativos á linguaxe, as linguas e a comunicación de forma organizada e argumentada, seguindo as pautas aceptadas no campo.	A4 A5 A6 A9 A10 A11 A29	B1 B2 B4 B9 B10	C1 C2 C6



Utilizar modos argumentativos e formas de traballo característicos da ciencia lingüística.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10 A11	B2 B7 B10	C1 C2 C4 C7
Analizar e comentar textos e discursos utilizando apropiadamente as técnicas de análise.	A1 A2 A10 A11 A15 A29	B4	C1
Traballar cooperativamente na resolución de problemas de carácter lingüístico.	A10 A14 A15	B3 B4 B6 B7	C3 C6
Afrontar sen prexuízos os novos coñecementos sobre a linguaxe, as linguas e a diversidade lingüística, así como as novas perspectivas e métodos.	A1 A11	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C7 C8
Seguir e integrar sen prexuízos os avances doutras disciplinas que axuden ao progreso da lingüística, tanto na súa dimensión teórica como na aplicada.	A29	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Contribuír ao desenvolvemento científico e social aplicando as competencias adquiridas.	A15	B9 B10	C4 C5 C6 C7 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
1. A natureza da linguaxe e a lingüística.	1.1. Características xerais da linguaxe. 1.2. Linguaxe, lingua, fala. 1.3. Competencia(s) e actuación. 1.4. As dimensións estrutural, social e cognitiva da linguaxe e as linguas. 1.5. Como estudar a linguaxe.
2. A comunicación.	2.1. Definición, elementos e procesos da comunicación. 2.2. Sistemas de comunicación: linguaxe humana e linguaxes dos animais. 2.3. As orixes da linguaxe e das linguas. 2.4. Modos de comunicarse/canais de comunicación: a oralidade, a escrita, a dactilografía; linguas xestuais e tactis.



3. Linguaxe, mente e cerebro.	3.1. Conceptos básicos. A psicolingüística e a neurolingüística. 3.2. Lateralización e localización da linguaxe. 3.3. Patoloxías lingüísticas. 3.4. Adquisición da linguaxe e aprendizaxe das linguas.
4. Os sons das linguas.	4.1. Son lingüístico, fonema e alófono. A fonética e a fonoloxía. 4.2. Fonación, articulación e acústica dos sons lingüísticos. 4.3. Representación gráfica e clasificación dos sons lingüísticos. 4.4. Métodos de análise e estudo do son lingüístico. 4.5. Trazos suprasegmentais: melodía, ton e entoación. 4.6. Os sistemas fonolóxicos.
5. Da palabra ao discurso.	5.1. A forma das palabras. A morfoloxía. 5.2. A estrutura da oración. A sintaxe.
6. O significado.	6.1. O significado lingüístico. A semántica. 6.2. Significado, intención e contexto; a interpretación. A pragmática.
7. Unidade e diversidade das linguas.	7.1. Lingua e sociedade. A sociolingüística. 7.2. Universais e tipoloxía lingüística.
8. Aplicacións da lingüística.	8.1. Para que serve a lingüística? 8.2. A lingüística noutros campos científicos: o desenvolvemento científico e tecnolóxico. 8.3. Lingüística e desenvolvemento social.

Planning

Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Workbook	A1 A2 A3 A9 A10 A11 A14 A29 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C2 C3 C4 C6 C7 C8	0	30	30
Workshop	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	32	16	48
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	0	8	8
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 A4 A5 A10 A11 A14 A15 A29 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	28	28	56
Supervised projects	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	7	7
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



Methodologies	
Methodologies	Description
Workbook	As lecturas proporcionaranlle ao estudante a maior parte dos contidos do curso, e deberá facer unha ou varias por cada tema. O/a estudante deberá presentar na aula as dúbidas que lle xurdan: o profesor/a tentará resolvelas ben directamente, ben utilizándoas como base para actividades de estudo de caso, seminario, discusión dirixida, solución de problemas... que leven á súa aclaración. Ademais, o profesor/a poderá entregarlles aos alumnos/as (individual ou colectivamente) lecturas complementarias de extensión variable, así como suxestións para a ampliación voluntaria de contidos.
Workshop	Denominamos así a combinación coordinada de varias metodoloxías das aquí recollidas cun obxectivo común a respecto dun tema ou cuestión: minidebates; textos complementarios; actividades prácticas en grupo; análise contrastiva de propostas de diferentes autores ou momentos históricos; traballo individualizado ou grupal sobre un tema proposto polo profesor/a ou polos/as estudantes; ou outros tipos de actividades formativas que poidan verse oportunas. Isto farase de forma secuencial e combinada, co propósito único de adquirir determinados contidos e desenvolver certas competencias.
Mixed objective/subjective test	O alumnado realizará unha proba mixta final de tipo teórico e aplicado nas datas oficiais establecidas (xaneiro e xullo). Durante o curso realizarase unha proba mixta parcial liberatoria de contido para a proba mixta final. Na proba mixta final o alumnado examínase dos contidos non superados ou non examinados.
Guest lecture / keynote speech	Haberá unha sesión maxistral de 120 minutos cada semana. Dependendo do tema e/ou do docente, consistirá na exposición por parte deste dunha selección de contidos, ben por iniciativa propia ou a proposta dos estudantes, sexa para aclarar dúbidas sobre contidos recollidos nas lecturas, sexa para corrixilos ou para tratar outros novos.
Supervised projects	Os alumnos/as deberán realizar algunhas actividades prácticas ou de busca de información seguindo instrucións específicas do profesor/a e: cando este o determinar, controlarase o seu traballo en certas etapas (planificación inicial, estratexia de traballo...). O obxectivo é que o/a estudante desenvolva dinámicas e prácticas de traballo axeitadas e/ou propias do ámbito de coñecemento lingüístico.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test	A atención personalizada desenvolverase fundamentalmente nas titorías individuais ou grupais. Estas realizaranse presencialmente ou por videoconferencia (segundo considere oportuno o/a docente), e poderán ser por iniciativa do profesor/a ou do/a estudante.
Workshop	Aconséllase que o/a estudante solicite sen dilación unha titoría co profesor/a cando queira abordar dúbidas ou cuestións que non poden tratarse na aula. Tamén se aconsella que acorde previamente a titoría por correo electrónico, para ter garantida a dispoñibilidade do docente.
Workbook	
Supervised projects	

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C2 C4 C8	Proba escrita que o/a estudante realizará ao rematar o cuadrimestre, nas datas oficiais marcadas polo centro.	50
Workshop	A1 A2 A3 A4 A5 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Comprende toda a actividade ordinaria do estudante desenvolvida na aula e fóra dela. Porcentaxe non real: lea as observacións; avalíase no apartado de "Asistencia, participación e desempeño" do estudante ao longo do curso.	5



Supervised projects	A1 A2 A4 A5 A6 A9 A10 A11 A14 A15 A29 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Cada estudante deberá realizar dúas ou tres actividades avaliadas ao longo do curso.	40
Guest lecture / keynote speech	A1 A2 A3 A4 A5 A10 A11 A14 A15 A29 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C1 C3 C4 C6 C7 C8	Comprende a actividade ordinaria do estudante durante as sesións maxistras e a actividade preparatoria previa. Porcentaxe non real: lea as observacións; avalíase no apartado de "Asistencia, participación e desempeño".	5

Assessment comments



1. A CUALIFICACIÓN FINAL DA 1.ª OPORTUNIDADE (xaneiro

2024) responderá ao seguinte reparto porcentual:

1.1. Un 50% obterase

pola PROBA MIXTA ESCRITA. Celebrarase unha proba mixta escrita (exame) no mes de xaneiro, na data oficial de exame da materia: é imprescindible acadar unha cualificación mínima de 4.00 puntos nesta proba para superar a materia. Durante o curso celebrarase unha proba parcial eliminatória de contido: está prevista entre o 10 e o 30 de novembro, e quen obteña un mínimo de 4.00 puntos non deberá examinarse deses contidos na proba final oficial do mes de xaneiro.

1.2. Un 40% obterase da

realización de DÚAS OU TRES ACTIVIDADES ?individuais ou grupais, presenciais ou non? ao longo do curso. As actividades deben entregarse no momento, na forma e no soporte fixados polo profesor/a.

1.3. Un 10% responderá á

ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E DESEMPEÑO do estudante ao longo do curso.

1.4.a. Os/as estudantes que teñen unha dispensa académica oficial (DAO) recibirán un 50% da súa cualificación pola realización da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das dúas ou tres ACTIVIDADES avaliábeis.

1.4.b. Os/as estudantes repetidores/as recibirán por defecto un 50% da súa cualificación pola realización

da PROBA MIXTA ESCRITA, e outro 50% pola realización das dúas ou tres

ACTIVIDADES avaliábeis. Se desexan que se lles computen a asistencia

e a participación (asistirán regularmente ás aulas) e acollerse ao reparto do estudantado de primeira matrícula (50%+40%+10%),

deben comunicalo ao profesor/a coordinador da materia na primeira quincena do curso. Nese

inicio de curso quedará

tamén establecido en que grupo se encadra cada alumno/a

repetidor.

1.5. A materia

poderá ser adaptada ao alumnado que precise da adopción de medidas de

apoio á diversidade, consonte ás indicacións da Unidade de Atención á

Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>),

coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade.

Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoloxia@udc.gal). En todo caso, quen solicitou que se lle recoñeza a

condición de estudante con adaptación e aínda non se lle comunicou a decisión,

debe informar ao coordinador da materia (manuel.fernandez.ferreiro@udc.gal).

1.6. Superará a materia quen obteña unha cualificación

media mínima global de 5.00, logre un mínimo de 4.00 puntos na parte da proba

mixta escrita, e entregue polo menos dúas actividades avaliábeis.

2. SEGUNDA OPORTUNIDADE DE XULLO (xullo 2024):

2.1. Consérvanse as

cualificacións das probas e actividades superadas na 1.ª oportunidade.

2.2. Quen deba realizar

o exame (proba mixta escrita), farao no día oficial (véxanse as datas

definitivas na web ou no taboleiro oficial da Facultade). Examinarase

obrigadamente dos contidos parciais nos que non acadara un 4.00.

2.3. Realizaranse a/s

actividade/s nas que non acadara un 5.00 (poden ser diferentes das realizadas

en xaneiro). Estarán dispoñibles en Moodle ao rematar o período de exames do

segundo cuatrimestre.

2.4. Aos estudantes que

non superen a materia en xaneiro e teñan unha puntuación inferior a 5.00 puntos



no apartado de asistencia e participación, cualificaráselles co seguinte reparto porcentual en xullo: (a) proba mixta escrita, 50%; (b) actividades ou tarefas avaliáveis, 50%.

3. OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN ADIANTADA (decembro 2023)

3.1. Poden presentarse a

esta oportunidade só estudantes cuns poucos créditos pendentes para rematar a titulación. Consúltese a documentación pertinente na web da UDC.

3.2. Realizarase a avaliación

exclusivamente mediante unha PROBA MIXTA ESCRITA de carácter teórico-práctico, pola que se outorgará o 100% da cualificación.

4. CUALIFICACIÓN DE NON

PRESENTADO. Recibirán

cualificación de Non Presentado (N.P.) aquelas persoas que: (a) non se presenten a ningunha das probas mixtas escritas oficiais (ou os seus parciais) e que, ademais, (b) entreguen menos de dúas actividades avaliáveis.

NOTA. A fraude académica é absolutamente inaceptable. O profesor/a poderá utilizar ferramentas de busca e anticopia (entre elas Turnitin) para detectar plaxios nos materiais que desenvolvan os/as estudantes durante o curso. De atopárense coincidencias que exceden o razoable, terá consecuencias na súa cualificación: desde a minoración da cualificación ou o suspenso no traballo específico, ata a cualificación global de suspenso na materia. Lémbrese a este respecto que o Regulamento disciplinar do estudantado da UDC recolle que a fraude académica é unha falta grave ou moi grave, e establece as sancións para estes casos: véxanse, entre outros, os artigos 10.3.f e 11.4.b (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/007335).

Lémbrese que o mesmo Regulamento prohibe

a gravación, uso e distribución indebidos dos materiais utilizados nas materias:

non se poderán gravar ou distribuír por medio algún os materiais escritos e audiovisuais utilizados na materia, con propósitos alleos aos propios dela.

A expresión escrita e a oral serán sempre axeitadas. A falta de corrección ortográfica, de estilo e/ou de adecuación expositiva reflectirase negativamente nas cualificacións.



Sources of information

Basic	<p>As lecturas obrigatorias de curso recóllense en Moodle. Alí tamén se atopan outros recursos (lecturas complementarias, materiais audiovisuais e na internet etc.) para profundar na materia. Manuais e obras introductorias Bernárdez, Enrique (2018). ¿Qué son las lenguas? (2.ª edición). Madrid: Alianza. Bruhn de Garavito, Joyce, & Schwieter, John W. (eds.) (2021). <i>Introducing Linguistics. Theoretical and Applied Approaches</i>. Cambridge / New York, NY: Cambridge University Press. (*) Escandell Vidal, María Victoria (2014). <i>La comunicación. Lengua, cognición y sociedad</i>. Madrid: Akal. Escandell Vidal, María Victoria (coord.) et al. (2011). <i>Invitación a la lingüística</i>. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED. [Esta obra é case idéntica a Escandell Vidal 2014]. Escandell Vidal, M. Victoria (coord.) et al. (2014). <i>Claves del lenguaje humano</i>. Madrid: Editorial Centro de Estudios Ramón Areces / UNED. (***) Fasold, Ralph W., & Connor-Linton, Jeff (eds.) (2014). <i>An Introduction to Language and Linguistics</i> (2.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. (***) Fromkin, Victoria, Rodman, Robert, & Hyams, Nina (ed.) (2000). <i>An Introduction to Language</i> (11.ª edición). Boston, MA: Cengage. (*) Genetti, Carol (ed.) (2019). <i>How Languages Work. An Introduction to Language and Linguistics</i> (2.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. (***) López García, Ángel et al. (1994). <i>Lingüística general y aplicada</i>. València: Universitat de València. (*) O'Grady, William, Dobrovolsky, Michael, & Katamba, Francis (1997). <i>Contemporary Linguistics. An Introduction</i>. London / New York, NY: Longman. (**) Ramallo, Fernando et al. (eds.) (2000). <i>Manual de ciencias da linguaxe</i>. Vigo: Edicións Xerais. (*) Tusón Valls, Jesús (2007). <i>Introducción al lenguaje</i>. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. [Orixinal en catalán: 2003.] (*) Yule, George (2020). <i>The Study of Language</i> (7.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. [Existe tradución ao castelán da 3.ª edición en inglés de 2006: <i>El lenguaje</i>. Madrid: Akal, 2007]. (***) Obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?) Alcaraz Varó, Enrique, & Martínez Linares, María Antonia (2004). <i>Diccionario de lingüística moderna</i> (2.ª edición). Barcelona: Ariel. (***) Brown, Keith (ed.) (2006). <i>Encyclopedia of Language and Linguistics</i>; 14 vols. Amsterdam / Boston, MA: Elsevier. (*) Crystal, David (2000). <i>Diccionario de lingüística y fonética</i>. Barcelona: Octaedro. [Orixinal en inglés: <i>A Dictionary of Linguistics and Phonetics</i> (4th edition). Oxford: Blackwell, 1997. Hai unha 6.ª edición revisada de 2008 en inglés]. (***) Crystal, David (1994). <i>Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge</i>. Madrid: Taurus. [Orixinal en inglés: 1987]. (***) Crystal, David (2010). <i>The Cambridge Encyclopedia of Language</i> (3.ª edición). Cambridge: Cambridge University Press. (***) Moreno Cabrera, Juan Carlos (1998). <i>Diccionario de lingüística neológica y multilingüe</i>. Madrid: Síntesis. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2003). <i>El universo de las lenguas: clasificación, denominación, situación, tipología, historia y bibliografía de las lenguas</i>. Madrid: Castalia. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2021). <i>La clasificación de las lenguas (= Claves de la Lingüística)</i>. Madrid: Editorial Síntesis. Trask, R. L. (1997). <i>A Student's Dictionary of Language and Linguistics</i>. London: Arnold. (*)</p>
--------------	--



Complementary

Outros manuais e obras introdutorias Alonso-Cortés, Ángel (2002). *Lingüística*. Madrid: Cátedra. Alvar, Manuel (ed.) (2001). *Introducción a la lingüística española*. Barcelona: Ariel. Aronoff, M., & Rees-Miller, J. (eds.) (2018). *The Handbook of Linguistics* (2nd edition). Hoboken, NJ: Wiley-Blackwell. Bernárdez, Enrique (2008). *El lenguaje como cultura. Una crítica del discurso sobre el lenguaje*. Madrid: Alianza Editorial. Bernárdez, Enrique (2016). *Viaje lingüístico por el mundo: iniciación a la tipología de las lenguas*. Madrid: Alianza Editorial. Cabeza Pereiro, María del Carmen (2020). *Fundamentos de las lenguas de signos (= Claves de la Lingüística)*. Madrid: Editorial Síntesis. Dorren, Gaston (2017). *Lingo. Guía de Europa para el turista lingüístico*. Madrid: Turner. [Orixinal en inglés: 2014]. Dorren, Gaston (2019). *Babel. La vuelta al mundo en 20 idiomas*. Madrid: Turner. [Orixinal en inglés: 2018]. Fischer, Steven Roger (2003). *Breve historia del lenguaje (= Humanidades; 4750)*. Madrid: Alianza. [Orixinal en inglés: 1999]. Hudson, Grover (2000). *Essential Introductory Linguistics*. Oxford: Blackwell. Isac, Daniela, & Reiss, Charles (2008). *I-Language: An Introduction to Linguistics as Cognitive Science (= Oxford Core Linguistics)*. Oxford: Oxford University Press. López García, Ángel, & Gallardo Paúls, Beatriz (eds.) (2005). *Conocimiento y lenguaje (= Educació. Materials; 80)*. València: Universitat de València. Mariño, Xurxo (2020a). *Unha mente que voa: unha mirada á evolución da linguaxe*. Vigo: Edicións Xerais. Mariño, Xurxo (2020b). *La conquista del lenguaje: una mirada a la evolución de la mente simbólica*. Barcelona: Shackleton Books. [Versión en castelán de Mariño 2020a]. Martín Vide, Carlos (ed.) (1996). *Elementos de Lingüística*. Barcelona: Octaedro. Martínez Celdrán, Eugenio (1995). *Bases para el estudio del lenguaje*. Barcelona: Octaedro. Martínez Celdrán, Eugenio (1998). *Lingüística. Teoría y aplicaciones*. Barcelona: Masson. McCabe, Anne (2011). *An Introduction to Linguistics and Language Studies*. London: Equinox Publishing. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000a). *Curso universitario de lingüística general. Tomo I: Teoría de la gramática y sintaxis general; Tomo II: Semántica, Pragmática, Morfología y Fonología (2.ª edición)*. Madrid: Síntesis. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000b). *La dignidad e igualdad de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2017). *Claves históricas de la lingüística actual: 20 siglos de reflexiones sobre el lenguaje a través de 20 referencias fundamentales (= Claves de la Lingüística)*. Madrid: Editorial Síntesis. Moreno Cabrera, Juan Carlos (2018). *Origen y evolución de la gramática (= Claves de la Lingüística)*. Madrid: Editorial Síntesis. Radford, Andrew et al. (2016). *Introducción a la lingüística (2.ª edición)*. Madrid: Cambridge University Press. [Orixinal en inglés: *Linguistics: An Introduction* (2nd edition). Cambridge: Cambridge University Press, 2009]. Sandoval, Jordan B., & Denham, Dristin E. (2021). *Thinking Like a Linguist. An Introduction to the Science of Language*. Cambridge / New York, NY: Cambridge University Press. Simone, Raffaele (1993 [1990]). *Fundamentos de lingüística*. Barcelona: Ariel. Trask, R. L., & Mayblin, Bill (2010). *Lingüística: una guía gráfica (= Para todos; 14)*. Buenos Aires / Barcelona: Paidós. [Orixinal en inglés: *Introducing Linguistics*. Royston, UK: Icon Books Ltd, 2005]. Otras obras de referencia (diccionarios, enciclopedias?) Asher, R. E., & Moseley, Christopher (eds.) (2006). *Atlas of the World's Languages* (2nd edition). London: Routledge. Breton, Roland (2003). *Atlas des langues du monde: Une pluralité fragile (= Collection Mini-Atlas)*. Paris: Éditions Autrement. Bright, William (ed.) (1992). *International Encyclopedia of Linguistics*. Oxford, UK: Oxford University Press. Cardona, Giorgio Raimondo (1991 [1988]). *Diccionario de lingüística*. Barcelona: Ariel. Comrie, Bernard, Matthews, Stephen, & Polinsky, Maria (eds.) (2010). *The Atlas of Languages: The Origin and Development of Languages Throughout the World (= Facts on File Library of Language and Literature Series)*. London: Quarto Publishing. [Hai versión en portugués da edición inglesa de 1996: *O Atlas das Línguas: A Origem e a Evolução das Línguas no Mundo*. Lisboa: Editorial Estampa, 2001]. Ducrot, O., & Todorov, T. (1998). *Nuevo diccionario enciclopédico de las ciencias del lenguaje*. Pamplona: Arrecife. Garry, Jane, & Rubino, Carl (eds.) (2001). *Facts About the World's Languages: An Encyclopedia of the World's Major Languages, Past and Present*. New York / Dublin: New England Publishing. Junyent, Carme, & Muncunill, Cristina (2010). *El libro de las lenguas (= Colección bolsillo)*. Barcelona: Octaedro. Lázaro Carreter, Fernando (1953). *Diccionario de términos filológicos*. Madrid: Gredos. Price, Glanville (ed.) (2001). *Enciclopedia de las lenguas de Europa*. Madrid: Gredos. [Orixinal en inglés: 1998]. Richards, Jack C., Platt, John, & Platt, Heidi (1997). *Diccionario de lingüística aplicada y enseñanza de lenguas*. Barcelona: Ariel. [Orixinal en inglés: 1992, 2.ª edición]. Störig, Hans Joachim (1990). *A aventura das línguas: Uma viagem através da História dos idiomas do mundo (2.ª edición)*. São Paulo: Melhoramentos. [Orixinal en alemán: 1987.] Tusón, Jesús (ed.) (2000). *Diccionario de lingüística*. Barcelona: Biblograf. Xavier, M. F., & Mateus, M. H. (eds.) (1992). *Dicionário de termos lingüísticos*. Lisboa: Cosmos.



Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Languages of the World/613G01030

Language and Society/613G01048

Language and Technology/613G02045

Language, Discourse and Communication/613G03034

Other comments

Recoméndaselle ao estudante que lea atentamente esta guía docente. Nela atopará resposta a case todas as preguntas que lle xurdan sobre a concepción, organización e obxectivos do curso; pode acudir ao profesorado para aclarar calquera cuestión ao respecto. Particularmente, debe prestar especial atención ao seguinte: 1. Realice puntualmente as lecturas e actividades encomendadas; estas deben entregarse no momento, forma e soporte establecidos. 2. O plaxio total ou parcial de actividades é inadmisibile. Pode conlevar a perda de máis puntuación có valor da actividade afectada, e mesmo o suspenso na materia. A información debe ser recollida, procesada e ofrecida de forma distinta á da fonte utilizada, sexa esta bibliográfica, audiovisual, persoal, a internet ou calquera outra. Considérase moi grave a copia total ou parcial de traballos elaborados por outros/as estudantes. 3. Nas exposicións escritas débense coidar a corrección ortográfica, o estilo e a adecuación expositiva; de igual forma, as exposicións orais deben adecuarse ao contexto académico e aos obxectivos perseguidos. De non ser así, reflectirase negativamente nas cualificacións.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.